

Presentación do libro *Variacións nube*, A Coruña, mércores día 24 de novembro. Intervirán na presentación: Xulio Valcárcel, Xavier Seoane.

Coa miña gratitud a vós pola vosa asistencia e á Agrupación Cultural Alexandre Bóveda na persoa de [...] , pola organización deste acto, a Portas Ártabras, que nos acolle e a Edicións A Nosa Terra que me fixo o galano desta edición.

Agradezo tamén aos meus amigos e compañeiros de mesa Xulio L. Valcárcel e Xavier Seoane, cos que comparto a ilusión de aportar á nosa literatura algúns que outro humilde grao de area na construción dese edificio comunal que a nosa literatura, agradézolle as súas palabras cálidas, que acarician. E agradézolle que tiveran a ben me arroupar neste acto de asumir eu públicamente os froitos do traballo de moitos anos, ainda que de xeito monográfico nestes últimos tres anos, e con toda a humildade polo froito final.

Aproximeime ao longo dos anos, nas miñas viaxes polo noso país e polas cidades de culturas que amo, aos froitos seus de máis densidade emocional de máis carga iconográfica. Aproximeime aos froitos das nosas belas artes, que ao longo dos séculos e da súa dialéctica con outras de outras culturas deunos un xeito de ser, de interpretar o noso lugar no mundo.

Quizais a historia da arte é a historia da relación do ser humano coa luz. Na medida que o ser humano deixou entrar no seu interior a luz, e foi sendo menos a sombra do seu pensar, foi tomando conta do seu aínda por vir. Sorprenderíamonos ao ollarmos a relación entre a historia do pensamento humano e a historia da percepción da luz para a transformar en cultura.

E cheguei á conclusión de que para eu poder interiorizar as súas ensinanzas humanas, a súa estética e como consecuencia a súa ética, non era suficiente a descripción da obra e debía chegar a me comunicar coa alma da cultura, co cerna da cultura que as creou da man dos seus creadores, a través de artistas: mulleres e homes concretos en tempos históricos concretos.

Tiña que, por así dicer, chegar a transcender a materia mesma do cadro ou da escultura ou do retábulo, e chegar ao ser das personaxes que o habitaban. E así fun entrando eu nunha metamorfose consciente ou incoscente, a viver a miña vida a través da súa, a través da vida das personaxes que habitan nas obras de arte e dos e das creadoras que, dun xeito ou de outro, tamén habitan nas súas propias obras.

Foron anos e anos de apuntes nos Uffizi, ou no Heremitage ou no Museo Nacional de Atenas ou nas igrexas do noso románico, ou nos museos que hai pola nosa xeografía nacional e que mostraron monográficas de pintores e pintoras con obras de sobrecolledora beleza ante as que más que escreber un só quería ser receptor dos silencios da súa luz.

De aqueles cadernos de apuntes foron nascendo poemas segundo a miña vida ía tomando o seu camiño ou dalgún xeito mentres eu ía lendo e escribindo o Libro do Destino meu e do meu país. Isto é o que homildemente vos ofrezo.

Dalgún xeito esta é unha biografía das miñas sensacións. Do que sentín en cada momento da miña vida diante dunha obra na que o que a creou quixo apreixar un anaco de eternidade, e

así dalgún xeito loitar contra o paso do tempo ou querer inutilmente deter o camiñar cara ao non ser.

O título vén das variacións que a luz fai na nube, que fai do rostro da terra un rostro humano.

Así, un rostro dun cadro ou dunha escultura varían a súa textura coa luz e cóela pasa da alegría á tristura ou á tensión da dor. Quixen apreixar talvez banamente as variacións das poéticas da cor que a luz deita ao non querer que morra o instante de vida que ela apreixou.

Que vos sexa tan grato lelo como a min me foi escribilo. Pois en todo caso, como diría o noso amigo Novoneyra, que hoxe anda a falar polas rúas de Compostela en animada conversa con Manuel María, o único que vos podo garantir so é que, cando menos, é poesía verdadeira.